

ACTA

En Arzúa, a 5 de xullo de 2018

Sendo as 10.10 horas, reunense no Salón de Comisións da Casa do Concello, os seguintes membros integrantes da Comisión Seleccionadora que realizará as **entrevistas** de que consta a fase segunda do proceso de selección convocado -mediante concurso- para poder seleccionar **ás cinco persoas que serán contratadas, para desempeñar os postos de traballo de peóns de servizos varios, na modalidade de “contrato eventual por circunstancias da produción” para a realización do programa de integración laboral (PIL)**”, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais financiado pola Deputación Provincial da Coruña, co obxecto de realizar as funcións previstas na Base Cuarta das aprobadas por decreto do alcalde ditado con data 28 de maio de 2018, e iso, por un período de cinco meses, cunha xornada de traballo de vintecinco horas semanais.

Asisten a esta reunión os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico municipal do Concello de Arzúa*).
- Vogais:
 - Jesús Rúa Taboada (*conductor e operario de servizos varios*)
 - Ramón Verea Castelo (*encargado de mantemento dos servizos municipais*).
- Secretario: Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-- o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión Seleccionadora, dispoñendo que se proceda a efectuar as entrevistas de que consta a segunda fase do proceso de selección, que -tal como se indica na Base Décima- versarán sobre o currículo vitae de cada aspirante e a adecuación e coñecementos dos mesmos en relación co posto de traballo; cuxas entrevistas poderán ser puntuadas ata un máximo de 4 puntos.

Para o cal os integrantes da Comisión Seleccionadora decidiron que as entrevistas que se ían a plantexar a cada aspirante, no mesmo sentido para cada un deles, serían as seguintes:

1ª.- ¿Por que quere Vde. optar a un destes cinco postos de traballo?, e ¿Que cualidades considera que ten para desempeñar o posto de peón de servizos varios?

2ª.- ¿Que EPIS tería que ter en conta no desempeño do posto de traballo?

3ª.- ¿Cal sería a súa dispoñibilidade para traballar os fins de semana, co obxecto de varrer nas zonas públicas?, en cuxo caso os descansos semanais se trasladarían aos días laborais da semana seguinte.

Acto seguido procedeuse a chamar aos aspirantes polo mesmo orde no que figuran rexistradas as súas instancias no Rexistro Xeral do Concello; os cales se atopaban no Salón de Sesións esperando a ser chamados.

Tras considerar a Comisión Seleccionadora as respostas dadas polos trece aspirantes que compareceron a realizar estas entrevistas, dos vinte e catro que solicitaran tomar parte neste proceso de selección.

Por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora acordouse outorgar as seguintes puntuacións:

DNI ou N° Permiso de residencia	Nome e apelidos	Puntuación entrevista
32772373H	José Manuel Matos López	NP
78783890N	Ana Isabel Iglesias Pampín	3
78783953Y	Ramón Vázquez Mosterio	NP
20169316H	Jesús Segade Villar	NP
33254133C	José Ramón Carril Carril	3
X53606376	Mohamed Yahyaoui	1
76513330N	Jose Angel Rey Rivadulla	NP
44836349B	David Rodríguez Sánchez	3
50747913T	M ^a Carmen Diez de Artazcoz	NP
33266819X	Asuncion Crego Alario	4
33235352F	José Luis Pérez Fiuza	NP
45960139K	Roberto Balado Sangiado	4
33288990D	Manuela Souto Vázquez	NP
78784942Y	Domingo Pedrosa Beiro	NP
78805258J	Juan Antas Rodríguez	1
45870067V	Alberto Vázquez Vázquez	3
78808237W	David Seijo Sánchez	1
44821655Z	Margarita Quintela Baluja	NP
33280719H	Manuel Castro Moscoso	NP
33288185D	Javier López Nieto	NP
33267559Z	Miguel Angel Meijide Cesar	3
33294590C	María del Sol Vázquez Garea	1
78787496F	Miguel Angel Castro Valiñas	1
44847994H	Victor Pena Otero	1

E resultando que, conforme ao disposto na Base Novena das que rixen o proceso de selección, quedarían eximidos de realizar o exercicio sobre coñecementos do idioma galego, aqueles aspirantes que acrediten poseer o Celga 2, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia; de maneira que aos aspirantes que posean o Celga 2 se lles atribuirá a máxima puntuación de 1 punto nesta proba.

Dándose a circunstancia de que, do exame da documentación presentada por cada aspirante, dedúcese que só catro dos aspirantes que compareceron a realizar as entrevistas, non acreditaron poseer o Celga 2 o seu equivalente.

Ante a dificultade de poder reunirse na próxima semana todos os integrantes da Comisión Seleccionadora, acordouse -por unanimidade de seus catro membros- comunicar a cada un deses catro aspirantes, (despois de realizar as súas entrevistas), que a proba sobre coñecemento do idioma galego íase realizar no día de hoxe, a partir das 13.00 horas, sen esperar o período de tempo legal que debe transcorrer entre cada exercicio; sen que ningún dos catro mostrase a súa oposición con dita decisión.

Tras todo o exposto, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros asistentes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas para cada un dos trece aspirantes que compareceron a realizar as entrevistas, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer as puntuacións obtidas nesta segunda fase do proceso de selección.

Segundo.- Convocar aos tres aspirantes, que non acreditaron que estivesen en posesión do Celga 2 ou equivalente, para que comparezan as 13.00 horas do día de hoxe no Salón de Comisións da Casa do Concello, co obxecto de realizar o exercicio de galego que constitúe a terceira e última fase do proceso de selección.

Co cal douse por rematado o acto, as 12.50 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita por todos os membros da Comisión Seleccionadora, e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.